

PREGUNTAS SOBRE O COMEDOR ESCOLAR

☀ **Por que se están a realizar obras no comedor escolar?**

Estas obras estaba previsto realizalas nos primeiros días de setembro, xa que o propio centro educativo solicitou á Xefatura Territorial a ampliación de espazos que garantiran a posibilidade de ofrecer o servizo de comedor para todo o alumnado mantendo a distancia de seguridade.



☀ **Por que os alumnos non saen ao patio todo o tempo que resta despois de xantar?**

Debido as condicións especiais deste curso, considerouse que permanecer unha hora de recreo nos patios despois de xantar sería excesivo e repercutiría negativamente no rendemento escolar, polo que se optou por dividilo en dúas quendas; unha primeira dentro das aulas e outra segunda nos patios.

☀ **Que actividades se realizan dentro da aula nos tempos de recreo de comedor?**

Polo xeral, o alumnado realiza actividades libres: entretéñense con xogos e xoguetes que traen da casa, vendo animacións na pizarra, aproveitan para adiantar tarefas pendentes, etc.

☀ **Quen vixía estas quendas de recreo de comedor, tanto dentro da aula coma fóra?**

Son os voluntarios colaboradores do comedor escolar (familias e profesores) quenes supervisan ao grupo, estando un colaborador/a fixo/a por cada grupo clase.

✿ ***Por que non se publican os menús das dietas?***

Segundo o decreto de comedores, o menú da Xunta é único, polo tanto o que se cambia no caso das dietas é o método de cociñado (por exemplo: peixe frito sírvese ou ben á prancha ou ao forno).

✿ ***Por que non se sirven dous pratos coma outros cursos?***

Debido ao protocolo COVID que se está a levar a cabo no centro é imposible (en 30 minutos) servir e empratar dúas veces, posto que non hai un turno único de comida, senón que se fan quendas de alumnado ademais das quendas para persoal de cociña, colaboradores e mestres.

